


PEZA DO MES

xaneiro

2023



**ARQUIVOS DO SEMINARIO DE
ESTUDOS GALEGOS**

Arquivos do Seminario de Estudos Galegos

O Museo conserva os seis volumes dos *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* (ASEG) proveniente dos fondos da Comisión de Monumentos.

O Seminario nace no outono de 1923 –nun momento de parálise da revista *Nós* e nos iniciais da ditadura de Primo de Rivera– no rego da tradición modernizadora da cultura en España impulsada pola Junta para la Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas –coñecida como JAE– e polo Institut d’Estudis Cataláns, ambos en funcionamento desde 1907. De aí que moitos dos socios do Seminario –aínda que este sexa independente da JAE– participasen tamén, nas iniciativas e proxectos, nomeadamente, na Residencia de Estudiantes, no Centro de Estudios Históricos, na Misión Biolóxica de Galicia (1921); ou se beneficiasen das pensións para estudos no estranxeiro, como é ben sabido para os casos de Risco ou Castelao e nos menos difundidos de Bouza Brey, Xesús Carro, Sánchez Cantón, Luís Iglesias, Luís Tobío, Cruz Gallástegui, Álvaro Gil, etc.

O pulo creador do Seminario parte da ilusión de nove estudantes da Universidade compostelá próximos ás Irmandades da Fala, –os de máis proxección Filgueira Valverde, Fermín Bouza Brey, Ramón Martínez López e Luís Tobío– e o profesor Armando Cotarelo Valledor. O nome de «seminario» fai referencia a un lugar de «sementeira», de aprendizaxe activa e traballo conxunto de profesores e alumnos, fronte á palabra «cátedra» que evoca un ensino unidireccional.

Como institución plural en canto a contidos nas súas diversas seccións –cambiantes no tempo– é centro de ilusións comúns, pero tamén de visións particulares, ás veces diverxentes e non exentas de problemas, moitos deles vinculados á avolta situación política.

Na existencia do SEG recoñecemos catro etapas: Primeira, **formación** (1923-26), sen sede, acollidas as súas sesións na Facultade de Filosofía e Letras e Dereito, con ampla actividade de traballos de *ingreso, anuais e comunicacións*, e que empeza aos dous anos da constitución a facer publicacións. Unhas literarias (*Os Nenos* de Filgueira, *Na noite estrelecida* de R. Cabanillas e *Cousas*, de Castelao, p. ex.) e outras científicas, sobre todo humanísticas, na revista *Nós*, (15 traballos) e no *BRAG* (5). O presidente será Armando Cotarelo ata 1925, que marcha a Madrid e é substituído por Salvador Cabeza de León.

Na segunda etapa, **consolidación** (1926-30), ocupará sede prestada pola Sociedad Económica de Santiago no edificio San Clemente, e será o momento inicial dos *Arquivos*, en paralelo á continuidade de colaboración con *Nós* e á publicación de monografías. Comezan

os traballos de varios especialistas sobre un mesmo territorio que darán lugar a artigos sobre xeografía, prehistoria, arqueoloxía, etnografía, folclore, música, literatura popular, etc. Os dous primeiros ensaios de «xeiras» serán nas terras de Monforte (1926) e Carballiño-Ribadavia (1927); logo virán as campañas nas Terras de Lalín –ou do Deza– (desde 1929 a 1935), pero a única que se concreta en monografía será a *Terra de Melide* (campañas xuño-setembro de 1929), á parte da *Vila de Calvos de Randín*, da autoría de Cuevillas e Xoaquín Lorenzo (1930).

Unha terceira etapa, de **madurez**, comezará a fins de 1930, en que terá sede definitiva en locais cedidos pola Universidade. En Fonseca, a parte de museo e biblioteca, enfocada ás seccións de Humanidades; e na Facultade de Ciencias, os laboratorios de Xeoquímica e Fitopatoloxía, coa súa propia biblioteca. Podemos distinguir aquí dúas fases: a primeira coincidente maiormente co frutífero reitorado de Alejandro Rodríguez Cadarso, –no que, coa colaboración do Seminario, se impulsa a creación do Instituto de Estudios Regionales e do Instituto de Estudios Galaico-Portugueses– interrompidos coa súa morte en accidente de coche en decembro de 1933, pouco despois da magna publicación de *Terra de Melide*. A segunda etapa comezaría coa asunción da presidencia por Luís Iglesias, trala morte en maio de 1934 de Cabeza de León, marcada pola escasa sensibilidade galeguista de Luís Iglesias, polo freo da publicación dos *Arquivos* e a tensión política. Castelao ameaza mesmo con deixar a institución, pero os problemas viñan de antes, pois Cabeza de León retiráralle a Ánxel Casal a impresión do tomo VI dos *Arquivos* e doutras obras da institución.

Coa asunción do cargo de reitor, Luís Iglesias deixa en maio de 1936 a Presidencia do Seminario para a que é elixido Otero Pedrayo, quen apenas tivo tempo a realizar o seu traballo, pola campaña pro Estatuto e o estourido da Guerra Civil. Daquela, a institución entrou nunha cuarta e derradeira etapa de **colapso** con Xesús Carro como encastelado e resistente valedor fronte ao inicial desexo universitario de absorción dos seus fondos, invocando o regulamento do SEG que sinalaba que de desaparecer os seus bens pasarían á Universidade. Esta situación evolucionou ata a liquidación do SEG en 1943 cando se crea o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, no que se integra unha parte significativa dos antigos colaboradores das seccións de Humanidades do Seminario e a maior parte do seu arquivo, biblioteca e museo. A dependencia do Centro Superior de Investigaciones Científicas, herdeiro orgánico da JAE para evitar ser diluído na Universidade, foi o mecanismo deseñado por Filgueira Valverde e Sánchez Cantón, coa anuencia de Xesús Carro e doutros, para tratar de «salvar o posible». A publicación dos seus *Cuadernos de Estudios Gallegos* a partir de 1944 será unha forma de tratar de continuar o labor dos *Arquivos*.

Estes seis tomos do ASEG, –duns 23,5 cm, e de entre 258 páxinas o volume V e 375, o VI– foron publicados por tres imprentas distintas (*Lar* –vol. I–, *Nós* –de II a V– e *Paredes* –VI) e en dúas localidades (A Coruña, t. I e II, e Santiago, do IV ao VI). A datación dos tomos é irregular e en varias ocasións non se corresponden co momento de saída. Así, no t. I figura o ano 1927; no II, o 1929; no III, tamén o 1929 –aínda que sabemos que saíu no verán de 1931–; no IV, 1932; no V, 1930; no VI, 1933-34. Como curiosidade, a parte segunda do artigo «Blasós de Ourense» de Xurxo Lourenzo aparece no número 4, e a primeira, no número 5. Un tomo VII, monográfico sobre Eduardo Pondal no seu centenario, nunca viu a luz.

No conxunto hai un total de 70 artigos e notas científicas de 39 persoas (só tres mulleres, Pura Lorenzana e Dolores Lorenzo, en colaboracións con Cuevillas a primeira e Parga Pondal a segunda, e Luísa Cuesta, bibliotecaria da Universidade, cun artigo de seu sobre a emigración galega a América). A extensión dos artigos é moi variable, de simples notas a textos extensos como «Os Oestrímnios, os Saefes e a ofiolatría en Galiza», de Cuevillas e Bouza Brey, que no t.II ocupaba 169 páxinas. Deses 39 colaboradores, seis especialistas en Ciencias Naturais (mineraloxía, fauna e flora, astronomía), destacan Isidro Parga Pondal, Ramón María Aller e Luís Iglesias; e o resto dos colaboradores, en temas arqueolóxicos, históricos e etnográficos. Os principais serán Cuevillas, con oito achegas (ídolos, torques, lúnulas, mámoas, o sinalado estudo de «Os Oestrímnios...») e outra ampla colaboración «Estudos encol da idade do ferro no noroeste da península», xunto con Serpa Pinto; Bouza Brei e Xurxo Lourenzo con catro, cada un deles. Vicente Risco terá dúas achegas, Otero só unha no t. I, Xoaquín Lorenzo e Álvaro das Casas achegarán tamén cadansúa. Nos *Arquivos* encontráronse, pois, varias xeracións. Á par dos fundadores e xente nova incorporada como Xoaquín e Xurxo Lourenzo, Antón Fraguas, Ricardo Carballo Calero (que serían a segunda fornada da «Xeración do Seminario») estarían os homes de *Nós* e outros como Federico Mançñeira, nado en 1870, o colaborador máis vello, como símbolo dos arcos tendidos entre os tempos.

En relación á lingua dos artigos, sinalar que en galego hai 41, 25 en castelán –case todos de Ciencias Naturais– e 4 en portugués. Esta presenza do castelán, a principal diferenza con *Nós*, marca a pluralidade do Seminario.

Os seis volumes conteñen á par de artigos académicos, información sobre socios, patrocinadores, directivas, actividades, etc., o que sumado ao contido do libro *Seminario de Estudos Galegos, dez cursos de traballo 1923-24* (1934), correspondencia, actas e borradores conservadas no IEGPS (CSIC), foi o material con que Alfonso Mato elaborou a monografía canónica *O Seminario de Estudos Galegos* (2001).

Aséntase o SEG, con claridade, nunha alianza do galeguismo cultural conservador de Pontevedra, Santiago e Ourense. Ao mecenado inicial de Portela

Valladares, súmanse contribucións regulares desde 1926 das deputacións provinciais e de particulares como Angelita Varela, mecenas de canta iniciativa cultural promovesen os seus amigos de Ourense, e logo de concellos e asociacións de emigrantes.

A partir do t. III aparecen os datos dos socios. Na primeira listaxe aparecen 143, dos que de Santiago serían 41, de Ourense 33, de Pontevedra 29 mentres que de Vigo 5, de Lugo 3, da Coruña 3 e de Ferrol 1. O resto serían de vilas de Galicia, como Allariz e Xinzo.

Os números seguen máis ou menos nas mesmas proporcións ata o derradeiro t. VI, no que aparecen 88 socios en Santiago, 44 en Ourense, 39 en Pontevedra, 27 en Vigo, 12 en Coruña, 6 en Lugo e 1 en Ferrol.

Pero máis importancia cós números terán as contribucións. En Ourense a actividade de investigación precedera á fundación do Seminario e a revista *Nós* fora o seu vehículo. A sección «Arquivo Filolóxico e etnográfico de Galicia», impulsada por Risco, é de 1920; Aquis Querquernis e San Cibrán de Las aparecen da man de Cuevillas en xaneiro e abril de 1922, e as reflexións «Encol da aldeia» de Otero, tamén son dese ano. Así, pois, estaban preparados para asumir as súas responsabilidades científicas como impulsores das seccións de Etnografía, Prehistoria e Xeografía desde o inicio do SEG. Risco ingresa co traballo «O Castro de Caldelas, monografía xeográfica e etnográfica d'unha vila da nosa Terra», asinado o 1 de febreiro de 1924 e publicada no volume I; Cuevillas, con «A idade do Ferro na Galicia», lida o 18 de abril e publicada en 14 entregas na revista *Nós*; e Otero, coa *Síntese xeográfica de Galicia*, defendida o 10 de xaneiro de 1925 e publicada como primeira monografía do *Seminario*, en 1926.

Os homes de *Nós* puxeron a súa revista ao servizo do Seminario ata o punto de que na súa Comisión de Publicacións se decidía cales artigos ían para os *Arquivos*, cales a *Nós*, –como as catalogacións dos castros das terras de Celanova, Carballiño, Lobeira, etc.– e cales serían publicacións monográficas, ou enviadas a outros lugares.

A derradeira publicación do Seminario, significativo, foi *Parroquia de Velle* de Cuevillas, Fernández Hermida e Xoaquín Lorenzo, e saíu da Imprenta de La Región no verán de 1936.

Independentemente do que acontecía en Santiago, en Ourense o Grupo Marcelo Macías, funcionou desde o inicio de 1942 con Ferro Couselo, Risco, Cuevillas, Xoaquín Lorenzo e Carlos Vázquez, como alternativa de traballo ao abeiro do nacente museo, nun grupo que xestionaría á parte do seu *Boletín del Museo Arqueológico* (1943-53) o *Boletín da Comisión de Monumentos de Orense*, ata que en 1960 pecha, simbolicamente, cun volume dedicado a Cuevillas.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Afonso Vázquez-Monxardín Fernández

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco